



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de clausura do programa *Parlamento Xove*

Parlamento de Galicia, 6 de abril de 2013 // 12.15 h

Vicepresidenta segunda do Parlamento de Galicia,
Conselleira de Traballo e Benestar,
Alcaldes, deputados, concelleiros,
Director xeral de Xuventude, subdirectora xeral,
Xuíces do programa,
Alumnado e profesorado participante,
Nais e pais:

Quero comezar esta intervención agradecendo e felicitando a conselleira de Traballo e Benestar, e o seu equipo, pola organización desta nova edición de *Parlamento Xove*.

E, desde logo, tamén quero felicitar moi especialmente a todos os equipos, profesores, xuíces, alumnos e alumnas e centros que participastes. Está claro que, sen vós, por



moitos programas que se desenvolvan, non habería *Parlamento Xove*.

Parlamento Xove é un programa xa consolidado en Galicia precisamente grazas a todos vós, grazas á vosa participación e á vosa implicación.

Honestamente, creo que se trata dunha iniciativa necesaria na medida en que:

- Contribúe a desenvolver o voso espírito crítico, a darvos de conta que non todo é branco ou negro senón que ás veces hai matices.
- Aprendedes a debater e a falar en público, algo absolutamente imprescindible e enriquecedor para a vosa formación.
- E, ao mesmo tempo, *Parlamento Xove* afonda no coñecemento institucional, é dicir, tamén contribúe a divulgar e a poñer en valor as nosas institucións democráticas, unha tarefa especialmente valiosa nos nosos días.

Sempre que veñen rapaces e rapazas, hoxe mozas e mozos, coma vós, ao Parlamento de Galicia, dicímoslles que todos sodes moi benvidos, por dúas razóns:



- Porque esta é a casa que a todos vos representa, aínda que non votedes.
- E porque estou convencida de que aquí haberá nun futuro deputados e deputadas que coa súa presenza e bo facer contribuirán a enaltecer e agrandar aínda máis a nosa democracia representativa. Agardo que sexa así e estou convencida diso.

O debate que levades tempo a facer, e que esta mañá celebrou a súa final no hemiciclo do Parlamento de Galicia, é o adestramento para ese futuro político que ben persoalmente, ben a través dos vosos representantes políticos, ides ter nun futuro inmediato.

Pero este debate é, ao mesmo tempo, un chanzo máis, no voso proceso de formación como persoas nunha fase esencial das vosas vidas, que é a etapa formativa da que vai depender en gran medida o voso futuro.

Por iso, ánimovos a esforzarvos todo o posible e a dar o mellor de vós mesmos para acadar unha formación de excelencia.

Hoxe estades aquí os mellores desta edición, despois dunha escolma forte, e tivestes como tema de discusión dous asuntos apaixonantes, dos que ninguén pode negar a súa plena actualidade.



E, chegados a este punto, quero facer unha dobre reflexión en relación co programa de debate que agora conclúe.

A primeira, que sigades sempre a vía do diálogo e do consenso. A palabra é o mellor camiño do encontro e do desencontro. Só escoitando se pode coñecer e entender o que o contrincante expón, pero o contrincante como adversario e non como inimigo, porque non hai inimigos, senón opinións ou formulacións diferentes.

E logo unha segunda reflexión. Considero necesario insistir en que nunca –fixádevos ben–, nunca, debemos caer na tentación de xulgar os demais –sexa un personaxe público ou non o sexa– unicamente pola súa imaxe ou pola súa aparencia física. Espero e desexo que a vosa educación vos teña desenvolvido un tesouro que é moi necesario para distinguir a palla do grao, e a aparencia da substancia.

Estou a falar do sentido crítico. Estou a falar de afondar no que a xente fai, e non só no que a xente di; no que a xente achega, e non no que a xente berra; no que é a persoa, non no que semella que é.

Nestes casos, sempre penso nun persoeiro importante – que todos seguro que coñecedes e cuxa imaxe tedes



presente—: Stephen Hawking. Todos temos presente na cabeza a súa imaxe. Estou convencida de que todos pensamos que non pasaría un *casting* de imaxe, ¿non si? Estou convencida de que non ten a imaxe que se considera ideal nos medios de comunicación, pero sabendo a realidade do que o físico é, creo que todos esquecemos a súa discapacidade e a falta de imaxe, como se di hoxe, porque pensamos no importante que é o seu intelecto e a súa figura como un dos físicos máis importantes que temos neste momento no mundo.

Remato. Bo camiño democrático nos vosos debates verbais e boa aprendizaxe de futuro parlamentario.

A todos, moitas grazas.

Levántase a sesión.